

6. Requisitos específicos do contratista.

Solvencia económica e técnica conforme o establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

7. Obtención de documentación.

-Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas polos que terá que rexerse a contratación poderán recollerse durante o prazo de presentación de proposicións no Servizo de Contratación, na sede central do Instituto Galego da Vivenda e Solo (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), e consultarse na páxina da internet www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=15688.

-Tamén no perfil do contratante

<http://igvs.xunta.es/web/igvs/329>

8. Presentación das ofertas.

As proposicións, que se axustarán ao modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da sede dos servizos centrais do IGVS (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14.00 horas do día 5 de febreiro de 2011. Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da dita oferta mediante telegrama ou fax (981 54 16 00) no mesmo día.

9. Posibilidade de variantes.

Non se admiten.

10. Apertura de proposicións.

O acto público de apertura do sobre B (documentación relativa a criterios non avaliábeis de forma automática) terá lugar no salón de actos da sede dos servizos centrais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ás dez (10.00) horas, nun prazo non superior a 7 días contados desde a apertura da documentación administrativa que será anunciada no perfil do contratante.

O acto público de apertura do sobre C (documentación relativa a criterios avaliábeis de forma automática) terá lugar no salón de actos da sede dos servizos centrais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ás dez (10.00) horas da data que será anunciada, con tres días hábiles de antelación á súa realización, no perfil do contratante.

11. Gasto do anuncio.

O importe dos anuncios será por conta do adxudicatario.

12. Data de envío deste anuncio ao *Diario Oficial da Unión Europea*: 28 de decembro de 2010.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2010.

Antonio José Boné Pina
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda
e Solo

Anuncio do 22 de decembro de 2010 polo que se somete a información pública a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas (Pontevedra).

En cumprimento do disposto no artigo 25º da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e nos artigos 13º e 14º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e demais normativa vixente, sométese, para os efectos e durante o prazo que logo se precisa, a seguinte documentación:

-Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas (Pontevedra): sométese á información pública polo prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Durante o prazo referido, calquera persoa poderá examinar a dita documentación en horario de oficina nas dependencias do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no Concello de Ponte Caldelas (Pontevedra), e presentar ante o IGVS as alegacións, documentos e xustificacións que considere pertinentes. Así mesmo, a documentación poderá ser consultada na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010.

Antonio José Boné Pina
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda
e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de decembro de 2010, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se fai pública a adxudicación definitiva do concurso para a xestión do servizo de aparcamento das instalacións do Hospital Lucus Augusti de Lugo AB-CHX1-10-011.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Xeral-Calde. San Cibrao, s/n, 27003 Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: AB-CHX1-10-011.